

**Resolución reitoral do 28 de abril de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Collaborative Call da Alianza EMERGE e se procede á súa convocatoria para o ano 2026**

PREÁMBULO.....	2
Capítulo I. Disposicións xerais .....	3
Artigo 1. Obxecto e finalidade .....	3
Artigo 2. Tipoloxía das iniciativas e requisito de colaboración.....	3
Capítulo II. Financiamento, xestión económica e recursos non financeiros .....	4
Artigo 3. Financiamento da convocatoria .....	4
Artigo 4. Xestión económica e gastos subvencionables.....	4
Artigo 5. Recursos e apoio non financeiro.....	5
Capítulo III. Persoas e entidades beneficiarias .....	5
Artigo 6. Persoas e entidades destinatarias .....	5
Capítulo IV. Procedemento de adxudicación.....	6
Artigo 7. Presentación das solicitudes.....	6
Artigo 8. Criterios de avaliación.....	6
Artigo 9. Comisión de avaliación .....	6
Artigo 10. Proposta de resolución .....	7
Capítulo V. Obrigas e incumprimentos.....	7
Artigo 11. Obrigas .....	7
Artigo 12. Incumprimentos.....	8
Capítulo VI. Protección de datos .....	8
Artigo 13. Protección de datos .....	8
Disposición adicional primeira. Información .....	9
Disposición adicional segunda. Habilitación.....	9
Disposición adicional terceira. Responsabilidade.....	9
Disposición derradeira primeira. Recursos.....	9
Disposición derradeira segunda. Publicación e entrada en vigor .....	10
ANEXO I. Calendario da convocatoria .....	11
ANEXO II. Formulario de solicitude .....	12
ANEXO III. Modelo de orzamento .....	14
ANEXO IV. Informe intermedio.....	15
ANEXO V. Informe final.....	17

## PREÁMBULO

A alianza universitaria europea **EMERGE** (*Empowering the Margins of Europe through Regional and Global Engagement*) reúne nove universidades europeas comprometidas co fortalecemento da participación social, territorial e comunitaria das institucións de educación superior, a partir dun modelo de cooperación baseado na igualdade entre socios, o enraizamento nas comunidades e a procura de formas innovadoras de responder aos retos sociais contemporáneos. Neste marco, a Universidade da Coruña participa activamente na construción dun campus máis sostible, inclusivo e resiliente, e na promoción de iniciativas con capacidade de impacto tanto local como europeo.

A convocatoria EMERGE Collaborative Call 2026 constitúe un instrumento orientado a impulsar proxectos colaborativos que conecten a universidade coa sociedade a través do traballo conxunto entre membros da comunidade universitaria e entidades externas. Trátase de apoiar propostas que respondan a necesidades reais da contorna, que estean aliñadas cos valores fundamentais da alianza EMERGE e que teñan un potencial de aprendizaxe, transferencia e adaptabilidade no conxunto das universidades socias.

Esta convocatoria pretende, por tanto, favorecer o desenvolvemento de iniciativas que superen a lóxica da intervención illada e que promovan a cooperación entre estudantado, persoal universitario e axentes sociais, culturais, educativos, institucionais ou económicos da contorna. A través dela búscase contribuír ao fortalecemento do vínculo entre universidade e comunidade, apoiar a experimentación e posta en marcha de accións innovadoras e recoñecer o valor das iniciativas que, desde contextos locais, poidan xerar un impacto compartido e ser adaptadas noutros espazos da alianza EMERGE.

A convocatoria establece, así mesmo, un vínculo directo entre o ámbito académico e a sociedade, promovendo o paso das ideas á acción mediante o desenvolvemento de propostas concretas, implementables e orientadas a resultados. A súa finalidade é facilitar o deseño de solucións aplicadas a necesidades reais das comunidades, reforzar a cooperación entre a Universidade da Coruña e a súa contorna e favorecer a aprendizaxe compartida dentro da alianza.

A presente resolución establece, en consecuencia, as bases reguladoras da convocatoria na Universidade da Coruña, así como o procedemento de solicitude, selección, execución, seguimento e xustificación das iniciativas seleccionadas.

## **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1. Obxecto e finalidade**

1. A presente convocatoria ten por obxecto regular e financiar, no marco da alianza EMERGE, a posta en marcha de iniciativas colaborativas promovidas dende a Universidade da Coruña en cooperación con entidades externas, que respondan a necesidades reais das comunidades e estean aliñadas cos valores EMERGE.

2. A finalidade desta convocatoria é:

- a) apoiar a creación e implementación de iniciativas con impacto na comunidade;
- b) reforzar a colaboración entre a universidade e axentes externos relevantes;
- c) favorecer a participación activa do estudiantado, e do persoal dos capítulos I e VI en accións con dimensión social e territorial;
- d) impulsar proxectos aliñados cos valores estratéxicos da alianza EMERGE;
- e) facilitar a visibilidade, aprendizaxe compartida e potencial promoción das iniciativas no ámbito europeo.

### **Artigo 2. Tipoloxía das iniciativas e requisito de colaboración**

1. As iniciativas poderán adoptar formatos diversos, sempre que respondan ao obxecto e finalidade desta convocatoria. Entre outros, poderán consistir en:

- a) obradoiros, accións formativas e procesos de capacitación;
- b) eventos públicos, encontros, exposicións ou actividades abertas á comunidade;
- c) campañas de sensibilización, divulgación ou mobilización;
- d) proxectos de innovación aplicada ou investigación participativa;
- e) deseño de ferramentas, metodoloxías, guías ou recursos educativos;
- f) programas piloto, iniciativas de aprendizaxe-servizo ou accións experimentais con impacto social;
- g) outras iniciativas creativas ou interdisciplinares con relevancia comunitaria.

2. As propostas poderán desenvolverse como parte de actividades curriculares, extracurriculares, de aprendizaxe-servizo, de investigación participativa, de transferencia ou de intervención comunitaria.

3. Todas as propostas deberán presentarse necesariamente en réxime de colaboración, incluíndo, cando menos, unha persoa da comunidade universitaria da Universidade da Coruña e unha entidade colaboradora externa.

## **CAPÍTULO II. FINANCIAMENTO, XESTIÓN ECONÓMICA E RECURSOS NON FINANCEIROS**

### **Artigo 3. Financiamento da convocatoria**

1. A convocatoria poderá financiar ata un máximo de cinco iniciativas cun importe total de 5.000 € con cargo á partida orzamentaria 0402-121A-64000.

2. A distribución dos fondos realizarase en función das necesidades e características de cada proposta, sen establecerse unha contía fixa por proxecto. A cantidade finalmente concedida poderá diferir da solicitada nos casos en que o comité de avaliación identifique conceptos non financiáveis, considere necesario reformular determinadas partidas ou estime viable unha execución parcial ou adaptada da proposta

### **Artigo 4. Xestión económica e gastos subvencionables**

1. O importe asignado a cada proposta será transferido integramente pola oficina EMERGE ao centro a que estea adscrito a persoa responsable do gasto.

2. A xestión económica de cada proxecto, o control de admisibilidade de gastos e as tramitacións de pagamento a provedores e docentes levaranse a cabo polo centro, con referencia aos créditos asignados para estes proxectos pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización.

3. Poderán ser financiados, ata o máximo do importe concedido, os gastos relacionados con:

- a) adquisición de materiais e consumibles;
- b) apoio técnico e loxístico;
- c) organización de eventos, encontros ou accións públicas;
- d) desprazamentos directamente vinculados ao proxecto;
- e) colaboracións externas;
- f) materiais e actividades de comunicación, difusión e visibilidade;
- g) outros gastos que o comité de avaliación considere xustificados e axeitados aos obxectivos da convocatoria.

## **Artigo 5. Recursos e apoio non financeiro**

1. Ademais do financiamento económico, os proxectos seleccionados poderán contar, segundo as características da iniciativa e a dispoñibilidade existente, con apoio en forma de:

- a) acceso aos EMERGE Hubs como espazos de colaboración, visibilización e encontro;
- b) uso de ferramentas dixitais e espazos para reunións;
- c) apoio técnico e/ou humano en ámbitos como comunicación, difusión, organización, investigación, márketing ou relacións coa comunidade;
- d) apoio do programa Student Ambassador Force (SAF);
- e) oportunidades de visibilidade a través das canles de comunicación da UDC e da alianza EMERGE;
- f) oportunidades de conexión e *networking* co resto das institucións da alianza.

## **CAPÍTULO III. PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS**

### **Artigo 6. Persoas e entidades destinatarias**

1. Poderán participar nesta convocatoria:

a) Estudantes matriculados na Universidade da Coruña e persoal dos capítulos I e VI con contrato en vigor durante a duración do proxecto.

b) Entidades e participantes externos, entre outros:

- organizacións sen ánimo de lucro;
- asociacións e entidades do terceiro sector;
- administracións públicas e entidades do ámbito local ou rexional;
- centros educativos e institucións culturais;
- empresas e entidades do tecido produtivo;
- outras organizacións ou axentes relevantes que operen no territorio.

2. No caso de iniciativas promovidas polo estudantado ou por un participante externo á UDC, será obrigatorio contar co apoio dunha persoa do persoal docente e investigador (PDI) da UDC, que actuará como responsable do centro de gasto e supervisará a execución económica e a tramitación administrativa dos gastos asociados á iniciativa.

3. Se na iniciativa participan persoas con discapacidade, comunidades minoritarias ou colectivos en situación de vulnerabilidade, o equipo EMERGE da UDC adoptará, dentro das súas posibilidades, medidas de apoio para facilitar

unha participación equitativa e accesible. As necesidades específicas que poidan existir deberán indicarse na solicitude, para que poidan ser consideradas no deseño do apoio e no desenvolvemento da iniciativa

## **CAPÍTULO IV. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

### **Artigo 7. Presentación das solicitudes**

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través da Sede Electrónica da UDC (dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais), mediante o formulario oficial da convocatoria debidamente cuberto (anexo II).

2. Para que a candidatura sexa válida, a persoa participante enviará un correo electrónico en que confirme que completou o rexistro da solicitude na Sede Electrónica da UDC. Este correo enviarase ao enderezo [administration.emerge@udc.gal](mailto:administration.emerge@udc.gal).

3. O prazo de presentación das solicitudes permanecerá aberto desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e ata as 23:59 do 30 de xuño de 2026. No anexo I recollese o calendario de procedementos.

### **Artigo 8. Criterios de avaliación**

A comisión de selección avaliará as solicitudes atendendo ao cumprimento dos seguintes criterios:

- a) Claridade e coherencia da proposta e grao de aliñamento cos [valores EMERGE](#).
- b) Relevancia do reto ou da necesidade identificada, viabilidade dos obxectivos propostos e impacto potencial sobre os colectivos destinatarios.
- c) Adecuación do orzamento presentado ás necesidades de apoio identificadas.

### **Artigo 9. Comisión de avaliación**

1. A comisión encargada de seleccionar e distribuír as bolsas estará formada polas seguintes persoas:

- Persoa responsable na UDC do paquete de traballo oito, quen exercerá a presidencia da comisión.
- Persoa responsable da Vicerreitoría de Igualdade, Diversidade e Responsabilidade Social, ou a persoa en quen delegue.

- Persoa responsable da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña, ou a persoa en quen delegue.
- Persoa responsable da Oficina de Sustentabilidade da Universidade da Coruña, ou a persoa en quen delegue.
- Persoa en representación do programa Student Ambassador Force (SAF), designada polas propias persoas participantes no programa.
- Unha persoa representante do equipo técnico ou administrativo da alianza EMERGE na UDC.
- Unha persoa representante do terceiro sector ou doutra entidade externa vinculada á dimensión comunitaria da convocatoria.

2. No caso de producirse un conflito de interese respecto dunha proposta concreta, a persoa da comisión afectada deberá absterse de participar na súa avaliación.

### **Artigo 10. Proposta de resolución**

1. Unha vez concluído o proceso de avaliación, a comisión elevará a proposta correspondente ao órgano competente para a súa resolución provisoria.

2. A resolución provisoria será publicada na seguinte ligazón e comunicáraselle ao correo electrónico institucional das persoas adxudicatarias. Contra esta proposta abrirase un prazo de cinco días hábiles, contado a partir do seguinte á súa publicación, para presentar alegacións a través do Rexistro Electrónico da UDC (dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais).

3. A oficina EMERGE da UDC ditará e publicará a resolución de adxudicación definitiva na seguinte ligazón.

4. Tras recibir a notificación de concesión da axuda por correo electrónico, as persoas candidatas deberán formalizar a súa aceptación ou renuncia no prazo de cinco días naturais dando resposta ao correo electrónico de concesión que recibirán na súa conta de correo institucional.

## **CAPÍTULO V. OBRIGAS E INCUMPRIMENTOS**

### **Artigo 11. Obrigas**

1. As persoas beneficiarias deberán:

- a) executar a iniciativa nos termos descritos na proposta e utilizar os fondos e recursos de maneira adecuada e conforme os obxectivos desta convocatoria;

- b) comunicar en tempo e forma calquera modificación da proposta ou incidencia relevante que afecte ao desenvolvemento do proxecto;
- c) colaborar co equipo EMERGE no seguimento e acompañamento da iniciativa;
- d) participar en accións de difusión e incluír nas actividades e materiais derivados da iniciativa a alianza EMERGE e a Universidade da Coruña;
- e) presentar a documentación de seguimento e xustificativa dos gastos incorridos, nos termos previstos no anexo III destas bases reguladoras, e no punto 2 deste artigo.

2. As persoas beneficiarias deberán presentar un informe intermedio á metade do período de execución (anexo IV), e un informe final (anexo V) nun prazo máximo dun mes desde a finalización da actividade, e en todo caso antes do 31/10/2027.

## **Artigo 12. Incumprimentos**

O incumprimento total ou parcial das obrigas recollidas nesta convocatoria poderá supoñer:

- a) a perda do dereito ao financiamento concedido;
- b) a obriga do reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e executadas, se for o caso;
- c) a exclusión da persoa ou equipo responsable de futuras convocatorias EMERGE.

## **CAPÍTULO VI. PROTECCIÓN DE DATOS**

### **Artigo 13. Protección de datos**

1. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, sobre a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos devanditos datos (RXPDP), e o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos facilitados pola persoa interesada mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

2. Ao concorrer a esta convocatoria, a persoa ou entidade interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no TEO da Sede Electrónica da UDC, segundo o disposto na disposición adicional 7.<sup>a</sup> da

LOPD. A resolución desta convocatoria quedará publicada no lugar indicado. Ademais, os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

3. A persoa ou entidade interesada consente o tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria. Terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo do dereito que lle asiste a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

### **Disposición adicional primeira. Información**

Para obter información adicional sobre esta convocatoria, resolver dúbidas ou solicitar apoio na preparación das propostas, as persoas interesadas poderán dirixirse a:

Oficina EMERGE Alliance. Casa do Estudantado. Campus de Elviña  
Tel.: **881 01 2333**  
Correo electrónico: [administration.emerge@udc.gal](mailto:administration.emerge@udc.gal)

### **Disposición adicional segunda. Habilitación**

Habilítase á comisión de selección para interpretar e resolver as dúbidas que puideren xurdir na aplicación desta convocatoria

### **Disposición adicional terceira. Responsabilidade**

A UDC non se fará responsable dos gastos en que puidese incurrir a persoa beneficiaria antes da resolución definitiva de concesión.

### **Disposición derradeira primeira. Recursos**

A presente resolución poderá ser recorrida mediante un recurso potestativo de reposición ante o/a reitor/a da Universidade da Coruña no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no TEO, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP; ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano xurisdiccional competente, conforme o artigo 46 da LXCA.

### **Disposición derradeira segunda. Publicación e entrada en vigor**

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no TEO da Universidade da Coruña.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

## ANEXO I. CALENDARIO DA CONVOCATORIA

A convocatoria desenvolverase conforme o seguinte calendario orientativo:

Publicación da convocatoria	23/04/2026
Fin prazo presentación solicitudes	ata o 30/06/2026
Avaliación das propostas	Do 01/07/2026 ao 31/07/2026
Publicación da resolución de adxudicación provisoria	18/09/2026
Prazo de alegacións	Ata o 25/09/2026
Publicación da resolución de adxudicación definitiva (web EMERGE)	28/09/2026
Prazo de aceptación ou renuncia (tras recibir a notificación da concesión da axuda)	Do 29/09/2026 ao 02/10/2026
Execución das iniciativas seleccionadas	Ata o 30/09/2027
Presentación do informe intermedio	Ata o 31/03/2027
Presentación do informe final	Ata o 31/10/2027

## ANEXO II. FORMULARIO DE SOLICITUDE

<b>TÍTULO DA PROPOSTA</b> <i>(indique o título completo da iniciativa):</i>		
<b>RESPONSABLE DA PROPOSTA/PERSOA SOLICITANTE</b>		
Nome e apelidos: <i>(en caso de estudiantado/terceiras entidades cómpre incluír o persoal docente e investigador de apoio ou persoa responsable del centro de gasto)</i>		
Centro/facultade/unidade ou servizo:		
Correo electrónico:		
Teléfono:		
Vinculación coa UDC: <input type="checkbox"/> Estudante <input type="checkbox"/> PDI <input type="checkbox"/> PTXAS <input type="checkbox"/> PCTI		
<b>RELACIÓN COS VALORES EMERGE</b>		
<input type="checkbox"/> Sustentabilidade <input type="checkbox"/> Inclusión <input type="checkbox"/> Resiliencia <input type="checkbox"/> Solidariedade <input type="checkbox"/> Multilingüismo e diversidade cultural		
<b>DIMENSIÓN TEMÁTICA DA INICIATIVA</b>		
<input type="checkbox"/> Arte <input type="checkbox"/> Educación <input type="checkbox"/> Compromiso comunitario <input type="checkbox"/> Innovación <input type="checkbox"/> Outras dimensións relevantes		
<b>GRUPOS DESTINATARIOS</b>		
<input type="checkbox"/> Inclusión e diversidade <input type="checkbox"/> Transformación dixital <input type="checkbox"/> Medio ambiente e loita contra o cambio climático <input type="checkbox"/> Participación na vida democrática		
<input type="checkbox"/> Outros (cales):		
<b>EQUIPO DA UDC QUE PARTICIPA NA PROPOSTA</b> <i>(engada tantas filas como sexa necesario)</i>		
Nome e apelidos	Colectivo UDC	Correo electrónico
	<input type="checkbox"/> Estudante <input type="checkbox"/> PDI <input type="checkbox"/> PTXAS <input type="checkbox"/> PCTI	
	<input type="checkbox"/> Estudante <input type="checkbox"/> PDI <input type="checkbox"/> PTXAS <input type="checkbox"/> PCTI	
<b>COLABORADOR OU COLABORADORES EXTERNOS</b>		
<i>(O papel do socio externo deberá describirse con claridade, indicando a súa contribución ao proxecto, o valor engadido da colaboración e, se é o caso, a persoa de contacto).</i>		
Nome da entidade:		
Persoa de contacto:		
Correo electrónico:		
Teléfono:		

Tipo de entidade:  Asociacións e entidades do terceiro sector  Administracións públicas e entidades do ámbito local ou rexional  Centros educativos e institucións culturais  Empresas e entidades do tecido produtivo

**Recursos solicitados a EMERGE**

Espazos  Ferramentas dixitais  Apoio técnico  Comunicación e difusión  EMERGE Hubs  SAF  Outros

**DETALLE DA PROPOSTA** *(debe conter, como mínimo, a información que se reflicte nos puntos inferiores)*

1. Motivación e visión xeral. Describa brevemente por que esta iniciativa é importante e proporcione un resumo do concepto que inclúa o seu obxectivo, actividades principais e resultados esperados (máx. 200 palabras)
2. Grupos destinatarios e impacto. Indique a quen vai dirixida a iniciativa e como se beneficiarán (máx. 50 palabras)
3. Relación cos valores EMERGE. Explique como a súa proposta se vincula con polo menos un dos valores EMERGE (máx. 50 palabras)
4. Ámbitos da iniciativa. Indique, se procede, a relación da iniciativa con algún dos seguintes ámbitos: arte, educación, servizo comunitario e innovación, e descríbaa brevemente. (máx. 50 palabras)
5. Resultados previstos. Indique que se vai crear, producir ou poñer en marcha (por exemplo: un evento, unha ferramenta, unha guía ou unha campaña) e describa brevemente o resultado final da iniciativa. (máx. 100 palabras)
6. Impacto sobre os colectivos destinatarios. Explique quen se beneficiará da iniciativa e que cambios, beneficios ou melloras se prevén para estudantes, persoal universitario ou a comunidade local. (máx. 100 palabras)
7. Escalabilidade e transferibilidade. Indique se a iniciativa pode ser adaptada, replicada ou compartida noutras universidades EMERGE ou noutros contextos, e como se podería levar a cabo. (máx. 100 palabras)

### ANEXO III. MODELO DE ORZAMENTO

Detalle na seguinte táboa os gastos necesarios para a execución da iniciativa. Teña en conta que o orzamento máximo asignado é de 5.000 euros. Os gastos considerados non elixibles será rexeitados, sen posibilidade de substitución por outros gastos.

<b>GASTOS ELIXIBLES</b>	<b>IMPORTE (€)</b>
<b>Adquisición de materiais e consumibles</b>	
<i>Breve xustificación do uso e necesidade do gasto:</i>	
<b>TOTAL</b>	
<b>Apoio técnico e loxístico</b>	
<i>Breve xustificación do uso e necesidade do gasto:</i>	
<b>TOTAL</b>	
<b>Organización de eventos, encontros ou accións públicas</b>	
<i>Breve xustificación do uso e necesidade do gasto:</i>	
<b>TOTAL</b>	
<b>Colaboración externa (asesoramento, facilitación etc.)</b>	
<i>Breve xustificación do uso e necesidade do gasto:</i>	
<b>TOTAL</b>	
<b>Materiais e actividades de comunicación, difusión e visibilidade</b>	
<i>Breve xustificación do uso e necesidade do gasto:</i>	
<b>TOTAL</b>	
<b>Outros gastos xustificados polo comité de avaliación</b>	
<i>Breve xustificación do uso e necesidade do gasto</i>	
<b>TOTAL</b>	
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	

## FINANCIAMENTO ADICIONAL (se procede)

Indique se a proposta conta con outras fontes de financiamento ou recursos adicionais, especificando a súa procedencia, importe estimado e uso previsto.

Procedencia (convocatoria, entidade externa,...)	Uso previsto	Importe estimado (€)
<b>TOTAL</b>		

## ANEXO IV. INFORME INTERMEDIO

Este informe deberá presentarse aproximadamente na metade do desenvolvemento do proxecto, co obxectivo de realizar un seguimento do estado da iniciativa, identificar logros e dificultades e facilitar o apoio necesario para a súa continuidade.

<b>TÍTULO DA PROPOSTA</b> ( <i>indique o título completo da iniciativa</i> ):		
<b>RESPONSABLE DA PROPOSTA/PERSOA SOLICITANTE</b>		
Nome e apelidos:		
Centro/facultade/unidade ou servizo:		
Correo electrónico:		
Teléfono:		
Vinculación coa UDC: <input type="checkbox"/> Estudiante <input type="checkbox"/> PDI <input type="checkbox"/> PTXAS <input type="checkbox"/> PCTI <input type="checkbox"/> PCTI		
<b>EQUIPO DA UDC QUE PARTICIPA NA PROPOSTA</b> ( <i>engada tantas filas como sexa necesario</i> )		
Nome e apelidos	Colectivo UDC	Correo electrónico
	<input type="checkbox"/> Estudiante <input type="checkbox"/> PDI <input type="checkbox"/> PTXAS <input type="checkbox"/> PCTI	
	<input type="checkbox"/> Estudiante <input type="checkbox"/> PDI <input type="checkbox"/> PTXAS <input type="checkbox"/> PCTI	
<b>COLABORADOR OU COLABORADORES EXTERNOS</b> ( <i>o papel do socio externo deberá describirse con claridade, indicando a súa contribución ao proxecto, o valor engadido da colaboración e, se é o caso, a persoa de contacto</i> ).		
Nome da entidade:		
Persoa de contacto:		
Correo electrónico:		
Teléfono:		

<p>Tipo de entidade: <input type="checkbox"/> Asociacións e entidades do terceiro sector <input type="checkbox"/> Administracións públicas e entidades do ámbito local ou rexional <input type="checkbox"/> Centros educativos e institucións culturais <input type="checkbox"/> Empresas e entidades do tecido produtivo</p>	
<p><b>RELACIÓN COS VALORES EMERGE</b></p>	
<p><input type="checkbox"/> Sustentabilidade <input type="checkbox"/> Inclusión <input type="checkbox"/> Resiliencia <input type="checkbox"/> Solidariedade <input type="checkbox"/> Multilingüismo e diversidade cultural</p>	
<p><b>DIMENSIÓN TEMÁTICA DA INICIATIVA</b></p>	
<p><b>SEGUIMIENTO DO PROGRESO</b></p>	
<p><b>Actividades desenvolvidas.</b> Describa brevemente as principais actividades desenvolvidas, os fitos acadados e o estado xeral do proxecto.</p> <p><b>Grao de avance da iniciativa.</b> Nunha escala de 1 a 10 (onde 1 é o inicio e 10 a finalización), indique o nivel de avance do proxecto. Cada socio deberá achegar unha representación gráfica.</p>	
<p><b>IMPACTO E PARTICIPACIÓN</b></p>	
<p><b>Colectivos beneficiarios Marcar opcións</b></p> <p>Estudiantado <input type="checkbox"/></p> <p>Persoal académico <input type="checkbox"/></p> <p>Comunidade local <input type="checkbox"/></p> <p>ONG <input type="checkbox"/></p> <p>Empresas <input type="checkbox"/></p> <p>Administración pública <input type="checkbox"/></p> <p>Outros (indíquense) <input type="checkbox"/></p> <p>Ningún polo momento <input type="checkbox"/></p>	
<p><b>RESULTADOS, FITOS OU APRENDIZAXES</b></p>	
<p>Indique momentos destacables, primeiros resultados, feedback recibido ou aprendizaxes acadadas (pódense incluír imaxes, citas, ligazóns ou exemplos):</p>	
<p><b>DIFICULTADES E NECESIDADES</b></p>	
<p>Dificultades detectadas</p>	<p>Necesidades identificadas</p>
<p><b>PRÓXIMOS PASOS</b></p>	
<p>Indique as actividades previstas para o resto do proxecto, os seguintes pasos e os aspectos máis relevantes para a súa continuidade</p>	

## ANEXO V. INFORME FINAL

Este informe deberá presentarse ao remate do proxecto e terá como finalidade recoller de maneira ordenada e reflexiva o desenvolvemento da iniciativa, os resultados acadados, o impacto xerado, as aprendizaxes obtidas e as posibilidades de continuidade ou transferencia.

<b>TÍTULO DA PROPOSTA</b> ( <i>indique o título completo da iniciativa</i> ):		
<b>RESPONSABLE DA PROPOSTA/PERSOA SOLICITANTE</b>		
Nome e apelidos:		
Centro/facultade/unidade ou servizo:		
Correo electrónico:		
Teléfono:		
Vinculación coa UDC: <input type="checkbox"/> Estudante <input type="checkbox"/> PDI <input type="checkbox"/> PTXAS <input type="checkbox"/> PCTI <input type="checkbox"/> PCTI		
<b>EQUIPO DA UDC QUE PARTICIPA NA PROPOSTA</b> ( <i>engada tantas filas como sexa necesario</i> )		
Nome e apelidos	Colectivo UDC	Correo electrónico
	<input type="checkbox"/> Estudante <input type="checkbox"/> PDI <input type="checkbox"/> PTXAS <input type="checkbox"/> PCTI	
	<input type="checkbox"/> Estudante <input type="checkbox"/> PDI <input type="checkbox"/> PTXAS <input type="checkbox"/> PCTI	
<b>COLABORADOR OU COLABORADORES EXTERNOS</b> ( <i>o papel do socio externo deberá describirse con claridade, indicando a súa contribución ao proxecto, o valor engadido da colaboración e, se é o caso, a persoa de contacto</i> ).		
Nome da entidade:		
Persoa de contacto:		
Correo electrónico:		
Teléfono:		
Tipo de entidade: <input type="checkbox"/> Asociacións e entidades do terceiro sector <input type="checkbox"/> Administracións públicas e entidades do ámbito local ou rexional <input type="checkbox"/> Centros educativos e institucións culturais <input type="checkbox"/> Empresas e entidades do tecido produtivo		
<b>RELACIÓN COS VALORES EMERGE</b>		
<input type="checkbox"/> Sustentabilidade <input type="checkbox"/> Inclusión <input type="checkbox"/> Resiliencia <input type="checkbox"/> Solidariedade <input type="checkbox"/> Multilingüismo e diversidade cultural		
<b>DESCRIPCIÓN XERAL DA EXECUCIÓN</b>		
Explique de maneira sintética como se desenvolveu o proxecto, que actividades se realizaron e cal foi a secuencia principal da iniciativa		

**USO RECUROS EMERGE**

Espazos  Ferramentas dixitais  Apoio técnico  Comunicación e difusión   
EMERGE Hubs  SAF  Outros

**RESULTADOS ACADADOS**

Descrba os principais resultados obtidos (indique os materiais, ligazóns, recursos, publicacións, soportes gráficos ou calquera outra evidencia relevante)

**IMPACTO E PARTICIPACIÓN****Colectivos beneficiarios Marcar opcións**

- |                        |                          |
|------------------------|--------------------------|
| Estudantado            | <input type="checkbox"/> |
| Persoal académico      | <input type="checkbox"/> |
| Comunidade local       | <input type="checkbox"/> |
| ONG                    | <input type="checkbox"/> |
| Empresas               | <input type="checkbox"/> |
| Administración pública | <input type="checkbox"/> |
| Outros (indíquen)      | <input type="checkbox"/> |

**RESULTADOS, FITOS OU APRENDIZAXES**

Explique o impacto que tivo a iniciativa sobre os colectivos destinatarios e, se é posible, achegue evidencias, exemplos, valoracións ou indicadores cualitativos e/ou cuantitativos.

**VALORACIÓN GLOBAL DA EXPERIENCIA**

(Dificultades superadas, fortalezas, aprendizaxe, logros..)



<b>ADAPTABILIDADE, CONTINUIDADE E TRANSFERIBILIDADE</b>			
Indique se a iniciativa pode continuar no tempo, ser adaptada a outros contextos ou compartirse con outras universidades da alianza EMERGE, e en que condicións.			
<b>XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA</b>			
Inclúa unha síntese dos gastos realizados e da utilización dos fondos concedidos, con referencia ás partidas aprobadas.			
<b>Concepto</b>	<b>Importe previsto</b>	<b>Importe executado</b>	<b>Observacións</b>
<b>DIFUSIÓN E RECOÑECEMENTO</b>			
Indique de que maneira se difundiu o proxecto e como se fixo visible a vinculación coa Universidade da Coruña e coa alianza EMERGE			
<b>VALORACIÓN DO APOIO EMERGE</b>			
Realice unha breve valoración do apoio recibido no marco da alianza EMERGE (recursos, acompañamento, visibilidade etc.) e indique posibles melloras para futuras convocatorias.			